

II XORNADAS DE ECONOMIA SOLIDARIA ORGANIZADAS POR REAS GALICIA NOS DIAS 12 E 13 DE SETEMBRO NO SALON DE ACTOS DA COOPERATIVA SANTA MARIA DO VAL. VILA CORNELLE S/N. O VAL. NARON (A CORUÑA). Teléfono 981453901. Xerente: José Antonio Leira.

## PROGRAMA

**DIA 12:** 10h.- Asamblea de Entidades Socias de REAS GALICIA. Lugar: Pazo da Merced en Neda (A Coruña).

NA COOPERATIVA DO VAL. CONFERENCIAS

12h.- **Ana María Fernández Puentes**, Presidenta de REAS GALICIA: Presentación comentando o programa. Escomenzará falando da Memoria Histórica da Economía Solidaria e cómo está o tema na actualidade, en Galicia. Os temas máis inmediatos que nos interesan e nos que estamos.

13h.- **Isaac Díaz Pardo** (por confirmar). Pintor, fundador de SARGADELOS, EDICIONS DO CASTRO e o INSTITUTO GALEGO DA INFORMACION, entre outros. Falará, tamén, da Memoria Histórica da Economía Solidaria.

14h.- Xantar no Pazo da Merced

16h.- Un representante de **Caixa Colonya** de Pollença (Balears, por confirmar a asistencia) falará, tamén, da súa Memoria Histórica na Economía Solidaria.

17h.- **Miguel Quinteiro**, de INTERGAL S. COOP. GALEGA, falará da Memoria Histórica das Caixas de Aforro galegas e a súa reivindicación de que cumplan os seus obxetivos sociáis

PAUSA PARA CAFE

18h.- **Juan Abia** falará da Rede de Bioconstrucción e a súa integración na Economía Solidaria.

19h.- **Arcadi Oliveres**, de Xustiza e Paz, falará da Globalización, as Multinacionais e a ética (ou non ética) da Banca.

**DIA 13:** 10h.- Encontro con Peru Sasia, do Proxecto FIARE, para montalo dende REAS GALICIA (cumprimento dos acordos de REAS REDE DE REDES de lanzalo nas redes territoriais). Lugar: Pazo da Merced.

12h.- **Geraldine Lechevalier** (por confirmar) falaría dos Servicios á Terceira Edade na Comunidade Europea.

13h.- **Peru Sasia** falará do Proxecto FIARE e a Banca Etica

14h.- Xantar no Pazo da Merced

16h.- Tema: MERCA ETICA POR PARTE DAS ADMINISTRACIONES PUBLICAS. Falará un representante da **Cooperativa IDEAS** (por confirmar), de Comercio Xusto.

17h.- **Zulma Piedad Perdomo** falará de Comercio Xusto, Cooperativismo e Economía Solidaria en Uruguay e Latinoamérica.

PAUSA PARA CAFE

18h.- **Antonio Palma** de PERMACULTURA GALICIA, falará do tema

19h.- **Gabino Vázquez** falará da Agricultura Ecolóxica en Galicia, na actualidade.

Os presentes horarios e conferencias poden sufrir cambios, xa que hai conferenciantes por confirmar e, se o número é máis curto, as conferencias serían todas pola tarde. Evidentemente, logo de cada conferencia seguirase un coloquio/ debate, procurando axustarnos ós horarios.

Nestas Xornadas repartiremos o recente informe de REAS e, se nos da tempo, o catálogo do Mercado Social e Central de Compras de REAS GALICIA, coa intención de iniciar o reparto xa.

As conferencias, na Cooperativa do Val, son abertas a todo o mundo. Invitamos, especialmente, a socios da Cooperativa do Val e de outras Cooperativas con Sección de Crédito da Zona de O Ferrol. E, así mesmo, ós socios das cooperativas da Federación SINERXIA.

Tamén, para os que veñamos de fora, invitamos a pensión completa no Pazo da Meced a conferenciantes, representantes de Entidades socias de REAS. Esperamos que SINERXIA asuma o gasto dos representantes das súas Entidades socias. Os non socios de REAS e SINERXIA, se lles cobrará 50€persoa, co pequeno almorzo incluído. O xantar e cea de non socios de cooperativas e REAS, irán por conta de cada quen. O custo dos xantares non o temos aínda, no momento desta convocatoria.

Todo o Mundo que pense asistir ten que anotarse, xa que o aforo é limitado (100). Se somos de máis, podemos organizar outra no Ateneo Ferrolán, por exemplo. Senón, xa nos viríamos á provincia de Pontevedra, para as Terceiras Xornadas.

Para confirmar a asistencia ás conferencias, facédeo a este correo de REAS GALICIA.

Quen vaia a dormir e xantar, pagando ou non-se quere que llo resolvamos- teñen que confirmalo a [carmen@viajescirce.com](mailto:carmen@viajescirce.com) . Os vexetarianos teñen que notificalo, para facerlles un menú diferente.

Invitamos, tamén a todo, a enviados de TEMPOS NOVOS e A NOSA TERRA, para unha posterior publicación do que se fale.